



Estimados pais/nais, tutores/as legais:

Pola presente comunicase que segundo a Orde do 12 de marzo de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (DOG do 15 de marzo), pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, no segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e conforme as modificacíons reflectidas na Orde do 18 de decembro de 2020,

Ábrese o prazo para a reserva de praza no IES Eduardo Pondal para o curso 2022-2023.

Para os alumnos/as susceptibles de remataren os seus estudos de educación primaria e incorporárense á ensinanza secundaria, ábrese o prazo de reserva de praza para o IES Eduardo Pondal, do **11 de xaneiro ao 8 de febreiro**.

O alumnado de 6º de primaria levará un formulario en soporte físico que pode ser entregado á titora ou á dirección do colexio.

Recordade que tamén é posible facer a presentación das solicitudes de reserva a través da aplicación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/PaxinaInicio.action>

O emprego da aplicación **admisionalumnado** é totalmente opcional para as familias. A través desta ferramenta as persoas interesadas poderán cumplimentar as solicitudes de reserva de praza ou de admisión, presentar a solicitude de reserva ou de admisión de forma electrónica, así como consultar o estado de tramitación da súa solicitude.

De todos modos, unha terceira posibilidade a teríades clicando neste enlace que vos permite descargar a instancia, cumplimentala, imprimila e entregala no colexio:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasforcadas/?q=system/files/ED550A-Galego.pdf>

É preferible facer o trámite canto antes.

No caso de querer continuar noutro instituto non se cubriría este documento, tendo que facer a solicitude de admisión no período do mes de marzo no centro desexado.

Ante calquera dúbida, non deixedes de consultala na dirección do centro.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo,

En Corme, a 10 de xaneiro de 2022.

O Director

Manuel N. Caridad López

